

RESOLUCIÓN DA CONCELLERÍA DELEGADA DE ENSINO E XUVENTUDE

Nº 853 /2015

Dado que según o “Regulamento de organización e funcionamento da Escola Municipal de Danza de Oleiros” (REMDO), publicado no BOP de A Coruña núm 72 de 16 de abril de 2013, nos seus Capítulo 3 e Anexo 1, indícanse o procedemento e prazos de matrícula para acceder aos estudos en dita Escola.

Posto que no REMDO se sinala que a data de inicio do proceso de matrícula deberá ser o 1 de marzo, para proceder á renovación do alumnado matriculado neste curso escolar e realizar as novas matrículas para o vindeiro curso escolar 2015/2016, é necesario aprobar e facer público o calendario e instrucións que rexerán este proceso, polo que;

RESOLVO:

1.- Aprobar o seguinte calendario de renovacións e novas matrículas para o curso escolar 2015/2016, da Escola Municipal de Danza de Oleiros e as instrucións que rexerán para estas:

Fases	Prazos	Accións
1ª.-Renovación de matrículas oficiais	Do 2 ao 13 de marzo	Renovación das matrículas de Danza Clásica (DC), Street Dance (SD), e Danza para Adultos (DA).
	23 de marzo	Publicación de prazas vacantes de DC, SD e DA.
	Do 24 de marzo ao 9 de abril	Renovación de matrículas de “Música e movemento”, e matrículas de derradeiro nivel de MMII que pasen a 1º nivel de DC.
	16 abril	Publicación de prazas vacantes en MM, DC, SD e DA.
2ª.- Matrícula de prazas libres	Do 17 ao 27 abril	Preinscripción libre para ámbitos de MM, DC, SD e DA.
	29 de abril	Sorteo de letra para adxudicar prazas de MM, DC, SD e DA, na Secretaría da Escola ás 19 h.
	7 de maio	Publicación de prazas adxudicadas de MM, DC, SD e DA, e listaxes de espera.
	Do 8 ao 21 de maio	Prazo de alegacións ás prazas adxudicadas e á listaxe de espera.
	28 maio	Publicación dos resultados das alegacións.

	Do 29 maio ao 11 de xuño	Formalización das matrículas de MM, DC, SD e DA: Aboamento das taxas e entrega de documentación.
	15 xuño	Publicación de: - Listaxe definitiva de matriculados. - Listaxe definitiva de espera.
3ª.- Matrícula de prazo extraordinario	1 setembro ao último día lectivo de febreiro	Período extraordinario de solicitude de praza en MM, DC, SD e DA. Listaxe de espera por orde de rexistro.
	Último-día lectivo de febreiro	Desafección de listaxe de espera do curso escolar vixente.

Abreviaturas: MM, DC, SD e DA (Música e movemento, Danza Clásica, Street Dance e Danza para adultos, respectivamente).

O HORARIO para a realización dos procesos antes descritos será o seguinte:


DE LUNS E VENRES de 17:00 a 20:00 horas.

LUGAR: Secretaría da Escola Municipal de Danza.

2.- Facer pública esta resolución nos taboleiros de anuncios da Escola Municipal de Danza, do Concello de Oleiros e do Centro Cultural A Fábrica.

3.- Notificar esta resolución á empresa adxudicataria da xestión da Escola Municipal de Danza para os efectos oportúns.


Oleiros, 29 de xaneiro de 2015



Sandra Fernández Fernández
Concelleira delegada de Ensino e Xuventude

DOU FE

A SECRETARÍA ACCTAL



AS DO: PILAR CELA ALVAREZ